




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"




IES de Arzúa

Rúa do Castro s/n **Arzúa** 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (P.A.T.)


Modificado 28/06/2018

IES DE ARZÚA



Índice

- 1- Introducción**
- 2- Marco legal**
- 3- Liñas de acción tutorial**
- 4- Definición do P.A.T.**
- 5- Coordinación**
- 6- Funcións da acción tutorial**
- 7- Criterios de asignación de titores/as**
- 8- Obxectivos Xerais**
- 9- Programación por niveis**
- 10- Metodoloxía**
- 11- Avaliación da tutoría**
- 12- Modificacións**
- 13- Materiais de apoio para o titor/a**



1. Introducción

O Proxecto.Educativo. recolle, como principio a desenvolver no contexto do Plan de Acción Titorial, a idea de que “a acción titorial non se debe sustentar en propostas individuais ou reducirse a iniciativas illadas e descoordinadas; é o centro como institución o que ten obriga de planificar estas accións de xeito que contribúan ao logro de obxectivos educativos comúns. O Departamento de Orientación apoiará a función titorial, e a Xefatura de Estudos coordinará o traballo dos titores/as en colaboración co Departamento de Orientación, para garantir a incorporación das súas accións no conxunto da vida escolar”.

Estas accións a desenvolver precisan da colaboración de todo o equipo docente do centro, se ben corresponde aos titores/as o labor de coordinación do equipo correspondente a cada grupo-aula co asesoramento e coordinación en última instancia do Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos, respectivamente.

Entendemos, pois, ***a acción titorial como unha acción de conxunto levada a cabo polos titores e as titoras e polo profesorado que intervén nun grupo. Por isto considérase que as actividades titoriais son propias da función docente e, polo tanto, todo profesorado do centro está implicado na planificación, aplicación, avaliación e revisión do plano de acción titorial.***

2. Marco legal




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



I^{ES} de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

Os distintos documentos lexislativos sinalan que a Función Titorial constitúe un dos servizos e actividades que o sistema educativo oferta co obxectivo de optimizar o rendemento da ensinanza.

Os obxectivos da función titorial serán:

- Asegurar unha educación integral e persoal establecendo unha relación individualizada co alumnado no entorno das súas actitudes, aptitudes, coñecementos e intereses; e axudando a integrar coñecementos e experiencias educativas e aplicalas na vida.
- Coordinar ó profesorado, centro, familia e medio social atendendo ás peculiaridades de cada alumno/a.
- Capacitar ao alumnado para a toma de decisións ante as opcións educativas e alternativas da vida.

O desenvolvemento deste marco legal queda reflectido na LOE (título III, artigo 91) referido as funcións do profesorado, cita:

- *A titoría dos alumnos/as, a dirección e orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.*
- *A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos/as, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializado.*
- *A atención ao desenvolvemento intelectual, psicomotriz, social e moral do alumnado.*
- *A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.*




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

Así mesmo no seu Capítulo IV (artigo 105.2a) sobre o recoñecemento, apoio e valoración do profesorado refírese *ao recoñecemento da función titorial, mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos.*

E no Regulamento Orgánico (art. 58), en referencia ás titorías, dise:

- *A titoría e orientación do alumnado formará parte da función docente. A función titorial e orientadora do alumnado desenvolverase ó longo de todas as etapas e ciclos formativos.*
- *Nos institutos de educación secundaria haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnos/as. O titor ou titora será designado polo director ou directora, a proposta do xefe ou xefa de estudos, oído o xefe ou xefa do departamento de orientación, entre os profesores ou profesoras que impartan docencia a todo o grupo.*

Lexislación:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) modificada parcialmente pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 324/1996 pola que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.
- Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, que regula aspectos específicos da FP básica das ensinanzas de FP e establece 21 currículos de títulos profesionais básicos.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

- Orde do 13 de xullo de 2015, que regula as ensinanzas de FP básica, así como o acceso e a admisión.
- Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional nesta Comunidade Autónoma.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado de Galicia que cursa as ensinanzas reguladas pola lei orgánica 2/2006.
- Circular 18/2007, pola que se establecen as accións prioritarias dos servizos de orientación.
- Circular 10/2010, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

3. Liñas da acción titorial

Tómase como referencia os catro piares que promove a UNESCO no seu programa “Aprender para o século XXI”:

- APRENDER A SER

Alude ao principio de educación integral, unha educación que desvele as diferentes dimensións da persoa: memoria, poder de razoamento, imaxinación, habilidade física, sentido estético, aptitude de comunicarse cos demais, independencia de xuízo, sentido da responsabilidade, cooperación, autofinanciamento e autocontrol. A ensinanza centrada das disciplinas só se




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

centra nas habilidades intelectuais, no pensamento lóxico-matemático e lingüístico, pero a investigación sobre a intelixencia móstranos que a escola, máis preocupada nas ensinanzas valiosas para o “mercado”, ignora que existen outras intelixencias que quedan pouco desenvoltas. Desde esta perspectiva preténdese un tratamento integrado destas facetas.

Por outra parte, é fundamental potenciar temas transversais tales como a educación para a saúde e educación do consumidor e usuario, o que permitirá ó estudante un mellor autocoñecemento e autocontrol, facilitando a súa adaptación e inserción social.

Outras actividades como educar ao alumnado na convivencia democrática e participativa, desenvolver no alumno/a un xuízo crítico e razoable, tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais, desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade.

- APRENDER A FACER

Xeralmente contemplado como formación para o emprego, este piar pode abordarse co plantexamento transversal da educación para a vida activa. En liñas xerais, trátase de que o alumnado non se limite a almacenar coñecementos, a ampliar o seu horizonte de formación, senón a desenvolver competencias e destrezas para a vida activa que inclúe tamén a busca e mantemento do emprego, nas especiais condicións dos tempos futuros. Pero o “aprender a facer” non se pode limitar á acción laboral, por importante que sexa, senón que debe integrarse nun todo presidido polo valor da responsabilidade.

- APRENDER A COÑECER

Os estudantes aprenden a estudar, a memorizar e, nalgún caso, a resolver problemas de lóxica e, en moi poucos casos, a “aprender a aprender” (meta-aprendizaxe, técnicas de estudo), pero cando saen do ámbito escolar, deixan de preocuparse pola súa autoformación, polo plantexamento da




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

educación permanente, que inclúe non só a actitude persoal de permanente actualización de coñecementos ante a información ó longo da vida, senón tamén o saber manexar crítica e creativamente as fontes de información.

- APRENDER A VIVIR XUNTOS

Pódese dicir que este é o piar que mellor conecta coa maioría dos temas transversais e coa transversalidade como filosofía educativa. Efectivamente, este piar, está centrado no ámbito social da aprendizaxe e pon énfase na necesidade de comprender ós demais e a súa historia, as tradicións e valores espirituais e sobre esta base, crear un novo espírito que, guiado polo recoñecemento da nosa crecente interdependencia e pola análise dos riscos e retos do futuro, induciría ás persoas a desenvolver proxectos comúns ou manexar os inevitables conflitos dunha forma intelixente e pacífica.


Ademais destes catro piares, considérase interesante engadir o seguinte:

- APRENDER A DECIDIRSE

Esta é unha das capacidades que haberá que asegurar antes de dar por finalizada unha etapa coma a ESO ou FPB xa que é unha das características que definen a persoa como adulta.

A capacidade para tomar decisións ten un obxectivo concreto: facilitar ao alumnado un método, un camiño, que lles permita tomar decisións sobre os propios estudos, en canto ás optativas que deben cursar e os estudos posteriores que deben realizar. Por iso, non só é importante á aprendizaxe do método, senón tamén a creación de hábitos, dun sistema de recollida de datos e dunha actitude analítica e reflexiva que poida ser utilizada ante calquera situación que o requira.

As liñas de actuación para a toma de decisións deberán estar incluídas no Plano de Orientación Académica e Profesional, especificando cales deben ser incorporadas nas programacións didácticas das distintas áreas e as que se deben integrar no PAT, sobre todo na titoría de grupo, na individual e coas



familias, e as que corresponde organizar e desenvolver ao propio departamento de orientación.

4. Definición do P.A.T.

O Plan de Acción Titorial é o marco no que se especifican os criterios para a organización e as liñas prioritarias de funcionamento da acción titorial no instituto. Forma parte do Proxecto Educativo e trata de ser coherente co resto dos elementos do mesmo.

5. Coordinación

A coordinación entre todos/as os/as implicados/as na acción titorial do centro é algo primordial para a consecución dos obxectivos que nos plantexamos neste Plan.

Para conseguila propoñemos as seguintes liñas de actuación, divididas en tres apartados:

1º) **Dentro do equipo docente:**

As funcións de coordinación do labor titorial dentro de equipo docente serán levadas a cabo por:

- A Xefatura de Estudos, que será a encargada da coordinación xeral da acción titorial.
- A Xefatura do Departamento de Orientación, que colaborará coa Xefatura de Estudos no deseño, modificación e posta en práctica do labor titorial, e se encargará do contacto diario cos titores/as, da solución dos problemas




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



IES de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

que poidan xurdir na aplicación concreta (fundamentalmente avaliacións psicopedagóxicas, dirección das adaptacións curriculares, etc...).

- Os titores/as, que serán os encargados de levar á práctica as actividades da acción tutorial co alumnado na hora semanal de tutoría.

A coordinación entre todos levarase a cabo mediante reunións periódicas estruturadas da seguinte maneira:

- Reunións semanais, como mínimo dunha hora entre a Xefatura de Estudos e a Xefatura do Departamento de Orientación (esta hora fixarase nos respectivos horarios).
- Unha reunión inicial entre a Xefatura de Estudos, a Xefatura do Departamento de Orientación e todos os titores/as para planificar o traballo tutorial ó longo do curso.
- Reunión semanal entre a Xefatura do Departamento de Orientación e os titores/as de cada nivel.
- Reunión final, conxunta e por niveis para avaliar o traballo realizado durante o curso, propoñer modificacións de cara ó ano seguinte, etc.

2º) **Coas familias:**

A coordinación do labor tutorial coas familias será tarefa fundamentalmente dos titores/as de cada grupo, aínda que contarán co apoio e asesoramento puntual da Xefatura de Estudos e do Departamento de Orientación. Estará baseada en reunións ou contactos periódicos, fundamentalmente:

- Reunión inicial, programada por niveis de ensino (especialmente co alumnado de nova incorporación ao centro), que se levará a cabo nas primeiras semanas do curso e que servirá para proporcionar información sobre o centro, funcións e obxectivos das tutorías, formas de contacto, comunicacións que recibirán ó longo do curso, etc.
- Reunións semanais, de cada titor/a coas familias do seu grupo que o visiten ou se poñan en contacto. Para tal efecto cada titor/a programará dentro do seu horario unha hora semanal de atención a pais/nais.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



IES de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

- Reunións periódicas (no momento que haxa temas importantes que tratar) cos representantes da ANPA/s ou coas familias. Nesas reunións deberá estar presente a Xefatura de Estudos, o Departamento de Orientación e os titores do nivel afectado.

3º) **Co alumnado:**

A coordinación do labor titorial co alumnado de cada grupo será realizada polo correspondente titor/a dentro da hora semanal de tutoría.

Os titores/as, o Departamento de Orientación ou a Xefatura de Estudos recibirán as suxestións ou peticións que lles poidan transmitir os delegados/as de grupo, os representantes da Xunta de Delegados/as ou das asociacións do alumnado (se as houbera) para tratar de darlle solucións.

6. Funcións da acción titorial

Partimos da consideración de que a aprendizaxe é un proceso individual que se dá nun contorno social. Significa isto que:

- a) A través da acción titorial será preciso diagnosticar os aspectos máis relevantes destas características persoais en relación á aprendizaxe, para coñecer a cada alumno e alumna, prever as accións educativas máis indicadas en cada caso e realizar o seguimento do proceso individual que segue cada persoa ó aprender.
- b) A acción titorial debe ter en conta tódalas posibilidades para conseguir que o contorno social estea estruturado na forma ou formas que favorezan ao máximo a socialización e a atención á diversidade na aprendizaxe. Consegir este ambiente axudará, en gran medida, que se tomen decisións sobre os tipos de agrupamento do alumnado e sobre a xestión de aula. Hai que crear vías de coordinación entre os diversos docentes que interveñen no mesmo grupo de alumnos e alumnas co fin de coordinar




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

os contidos e as adaptacións individuais de cada profesor/a que se consideren necesarias para dar coherencia ó desenvolvemento do currículo, especialmente a aqueles contidos de carácter máis transversal.

Neste contexto as funcións que debe cumprir o PAT son as seguintes:

1. Desenvolver e potenciar as capacidades básicas do alumnado. Con esta finalidade o centro procurará:
 - Coñecer ao alumno ou alumna, tanto no aspecto persoal coma no estritamente escolar. Neste caso é fundamental a intervención específica do titor ou titora de grupo: rexistrar e aportar datos pertinentes sobre o contorno familiar do alumnado para contribuír ó seu coñecemento persoal.
 - Facilitar a integración do alumnado e fomentar a súa participación no centro, tarefa na que colaborarán os titores/as no seu papel mediador, o profesorado de cada grupo, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo no ámbito das súas competencias.
2. Ofrecerlle ao alumnado orientación co fin de facilitar o seu crecemento persoal e unha personalidade madura:
 - Establecer unha relación satisfactoria co alumno ou alumna que lle faga sentirse aceptado, valorado e axudado.
 - Procurarlle ao alumnado un contexto claro, estruturado mediante a coordinación de accións entre o profesorado de cada grupo.
 - Accións dende a titoría do grupo, ben a nivel global ou ben individual cando as circunstancias o requiran.
3. Orientar e asesorar sobre posibilidades académicas e profesionais. Preténdese axudar a tomar decisións respecto dos itinerarios académicos e profesionais posibles mediante:




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

- Obtención de datos sobre a evolución e as aprendizaxes de cada alumno ou alumna.
- Informar ao alumnado sobre posibilidade de estudos futuros e asesoralo para que sexan persoas activas o deixar a institución escolar: elección de profesión, busca e obtención de traballo...
- Son importantes as tarefas informativas específicas dos titores/as e tamén de cada profesor ou profesora de grupo.

4. Promover a dinamización do grupo.


Preténdese favorecer as relacións comunicativas e de intercambio entre o alumnado do mesmo grupo, entre este e o seu profesorado e entre as persoas e os diferentes grupos que integran o centro, mediante:

- Son importantes as tarefas informativas específicas dos titores/as e tamén de cada profesor ou profesora de grupo.
- A implicación do alumnado como colectivo na vida de relación e participación do centro.
- Detección e canalización das aspiracións dos diversos grupos do alumnado.

A titora ou titor terá unha importante función mediadora entre o grupo e o resto do profesorado do grupo e do centro en xeral. Tamén, todo o profesorado que intervéñ no grupo debe asumir que é necesario atender e axudar a modificar a dinámica do grupo para facer que esta sexa cada vez máis positiva para cada un dos seus integrantes.

5. Contribuír á elaboración, posta en práctica e revisión do PAT anual no centro, que promova a coordinación de todos os ámbitos e axentes educativos que incidan no grupo de alumnos e alumnas nun ciclo educativo determinado.


O campo específico de intervención, as actividades educativas que se deben desenvolver por cada un dos axentes e os recursos materiais e persoais co que se conta constituirán o PAT do centro.



7. Criterios de asignación de tutores/as.

Na medida que a disponibilidad horaria o permita e tendo en conta que o titor/a ten que ser un profesor/a que imparta clase a todo o grupo:

- a) Adxudicaranse prioritariamente as titorías a aquel profesorado que exprese na folia de elección de materias o seu desexo de ser tutores/as.
- b) As titorías de 1º e 2º de ESO serán asignadas preferentemente aos mestres/as que impartan clase nos referidos grupos.
- c) Tendo en conta a importancia da acción tutorial, cómpre un bo coñecemento do funcionamento do centro por parte dos tutores/as, polo que se procurará non nomear aos profesores/as que sexan novos no centro.
- d) Unha vez asignados os tutores/as de cada grupo e en función da disponibilidad, serán nomeados tutores/as de grupos específicos de alumnado que precise unha atención especial (que promocionan sen acadar os obxectivos, alumnado repetidor, con materias pendentes, etc) podendose dar a figura de titoría compartida.



8. Obxectivos xerais

De seguido, propoñemos os obxectivos que nos marcamos dentro do plan da acción tutorial repartidos en función dos seus destinatarios.

1.- Alumnado:

- Coñecer e valorar a persoa do alumno/a.
- Favorecer a integración e participación dos alumnos/as na clase e no centro.
- Realizar un seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e prever posibles dificultades.
- Facilitar a toma de decisións académico-profesionais.

2.- Persoal docente:

- Asegurar a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións.
- Coordinar o proceso avaliador.
- Colaborar co profesorado no apoio do proceso do ensino-aprendizaxe.
- Coordinar actividades de traballo intelectual dentro das áreas do currículo.
- Detectar o alumnado con necesidades educativas especiais.
- Recibir, procesar e transmitir a información do alumnado do seu grupo.

3.- Familias:

- Contribuír e favorecer unhas boas relacións entre os país/nais e mailo centro.
- Implicar aos país/nais nas actividades de apoio e orientación dos seus fillos/as.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

Informar ós pais de todo o que lle afecta á educación dos seus fillos/as e pedirllas información relevante para o proceso educativo.

9. Programación por niveis

E.S.O. (Anexo IX)

OBXECTIVOS:

- Coñecer e contribuír ao desenvolvemento das capacidades de cada alumno/a.
- Observar, recoller información e contribuír ó desenvolvemento da orientación escolar/profesional.
- Desenvolver actitudes que contribúan ó seu desenvolvemento como persoa.
- Consolidar o desenvolvemento dun programa de técnicas de estudo.
- Traballar cos país/nais, intercambiando información e colaboración para favorecer o desenvolvemento persoal e escolar dos seus fillos/as.
- Implicar ó alumnado na participación activa nas actividades escolares e complementarias, así como nas celebracións que se propoñan dende a Vicedirección ou outros estamentos educativos.
- Favorecer a cohesión do grupo clase promovendo a participación de todo o alumnado.

2- ACTIVIDADES:

1º e 2º curso:

Primeiro trimestre:

- Acollida do alumnado.
- Coñecemento do centro e información de horarios e normas de funcionamento para alumnos e país/nais
- Coñecemento e cohesión dos grupos.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n **Arzúa** 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

- Elección de delegado/a.
- Habilidades sociais. Ensinar a convivir.
Discusión e asimilación dos dereitos e deberes dos alumnos.
- Discusión e asimilación das normas de convivencia do centro.
- Reunión coas familias: unha primeira colectiva ao inicio do curso.
- Reunións individuais (pais/nais -titor), comunicación previa.
- Autoavaliación do grupo.
- Planificación e condicións ambientais do estudo.
- Avaliación inicial. Toma de decisións: medidas de atención á diversidade.
- Atención á diversidade.

Segundo trimestre:

- Atención á diversidade: adaptacións curriculares.
- Revisión resultados da primeira avaliación.
- 1º E.S.O. Lectura eficaz: Técnicas de lectura, comprensión lectora.
- 2º E.S.O. Técnicas de estudo: Resumo, esquema, subliñado, mapas conceptuais,...
- Traballo sobre valores universais: A Paz, tolerancia,...
- Autoavaliación grupo titoría (actividades tutoriais e rendemento académico).

Terceiro trimestre:

- Contidos ambientais: educar para o consumo, conservación e coidado da natureza,...
- Autoavaliación do grupo.
- Información sobre o Sistema Educativo. Optatividade curso seguinte.
- Ocio e tempo libre.
- Consello Orientador realizado polo titor/a para cada alumno/a.

3º e 4º curso:

Primeiro trimestre:




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

- Presentación do titor/a, dos profesores/as, do centro, estrutura orgánica, horarios...
- Traballar na clase con metodoloxía específica: normas de convivencia e de comportamento, réxime interno, funcionamento do centro, dereitos e deberes do alumnado.
- Elección de delegado/a.
- Avaliación inicial. Toma de decisións: medidas de atención á diversidade.
- Traballar técnicas de estudo. Cada profesor/a deberá dar orientacións propias para a súa área ou materia.
- Pasar cuestionarios axeitados, por ano escolar ou ciclo, espallados no tempo (coñecerse a se mesmo, coñecer o grupo,...).
- Sesións de tutoría anterior e posterior á avaliación.

Segundo trimestre:

- Iniciación á toma de decisión en 3º de E.S.O.
- Entrevistas cos pais/nais, individuais e colectivas para explicar:
 - O curso, as optativas e as tutorías en 3º E.S.O.
 - O Programa de Orientación Académica e Profesional en 4º E.S.O. (POAP).

Terceiro trimestre:

- Toma de decisións.
- Avaliación final da tutoría.
- Consello Orientador realizado polo titor/a para cada alumno/a.
- Entrega individual a cada familia do Consello Orientador, por parte do titor/a e do orientador.

CICLOS FORMATIVOS

1- OBXECTIVOS:

- Coñecer e contribuír ó desenvolvemento das capacidades de cada alumno/a.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

- Potenciar a autonomía e a responsabilidade.
- Realizar un seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe
Favorecer no alumnado o desenvolvemento da súa capacidade de toma de decisións.
- Observar, recoller información e contribuír ao desenvolvemento da orientación escolar/profesional.
- Implicar ó alumnado na participación activa nas actividades escolares e complementarias, así como nas celebracións que se propoñan dende a Vicedirección ou outros estamentos educativos.
- Favorecer o traballo en equipo,.
- Favorecer a cohesión do grupo clase promovendo a participación-acción de todos os alumnos pertencentes a este.

2- ACTIVIDADES:

Primeiro trimestre:

- Coñecemento do grupo-clase.
- Acolida do alumnado.
- Coñecemento do centro.
- Coñecemento das normas de convivencia do centro.
- Elección de delegado.
- Avaliación inicial.
- Reunións individuais (pais/titor), comunicación previa.
- Autoavaliación do grupo.

Segundo trimestre:

- Análise do resultados da primeira avaliación parcial.
- Reunión pais/nais.
- Técnicas de búsqueda de emprego
- Orientación académica e profesional
- Autoavaliación do grupo.

Terceiro trimestre:




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

- Revisión dos resultados da segunda avaliación parcial
- Outras actividades (que se programarán conforme s necesidades).

Cuarto Trimestre:

- Actividades de inicio de curso.
- Explicación das prácticas na empresa.
- Información sobre continuación de estudos, accesos.

Quinto Trimestre:

- Información FCT
- Información das opcións e alternativas.

Sexto Trimestre:

- Seguimento FCT
- Outras

BACHARELATO

OBXECTIVOS (1º CURSO):

- Potenciar a autonomía e responsabilidade do alumnado.
- Favorecer no alumnado o desenvolvemento do pensamento creativo así como a súa capacidade na toma de decisións.
- Orientalos ante as diferentes vías e opcións.
- Informar ós país/nais e ao alumnado sobre as diferentes opcións de cara ao seguinte curso.
- Coñecer as aptitudes e outros aspectos do alumnado.
- Realizar entrevistas individuais cos país/nais e alumnado para coñecer as súas expectativas profesionais, axudándolles na toma de decisións.
- Implicar ó alumnado na participación activa de actividades escolares e complementarias, así como nas celebracións que se propoñan .




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

ACTIVIDADES (1º CURSO):

Primeiro Trimestre

- Coñecemento do grupo-clase.
- Observar medidas de atención á diversidade.
- Acollida do alumnado.
- Coñecemento do centro.
- Coñecemento das normas de convivencia do centro.
- Elección de delegado.
- Reunións individuais (pais/nais-titor/a), comunicación previa.
- Explicación dos criterios de promoción e mínimos esixibles en cada área.
- Reunións cos pais/nais.

Segundo Trimestre:

- Coñecemento das súas motivacións, preocupacións e necesidades.
- Revisión dos resultados da primeira avaliación, problemas e solucións.
- Coñecemento de seus intereses Profesionais.
- Información académica e profesional.
- Toma de decisións.

Terceiro Trimestre:

- Revisión da segunda avaliación.
- Coñecemento das opcións de 2º de bacharelato.
- Problemas e solucións.

OBXECTIVOS (2º CURSO):

Todos os indicados para primeiro teñen continuación no segundo curso, pero a maiores establécense os seguintes obxectivos:

- -Realizar a orientación académica e profesional.
- -Preparar ao alumnado de cara ás probas de acceso.

ACTIVIDADES (2º CURSO):

Primeiro Trimestre:




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>


- Coñecemento do grupo-clase.
- Observar medidas de atención á diversidade.
- Acollida do alumnado.
- Coñecemento do centro.
- Coñecemento das normas de convivencia do centro.
- Elección de delegado.
- Reunións individuais (pais/nais-titor/a), comunicación previa.
- Explicación dos criterios de titulación.
- Reunións cos pais/nais.

Segundo Trimestre:

- Revisión dos resultados da 1ª avaliación.
- Busca e recepción de información académica e profesional. □ Orientación na elección de carreiras ou profesións segundo as aptitudes ou intereses.
- Orientación para as probas de acceso á Universidade, opcións dos ciclos formativos de grao superior.
- Informacións sobre as saídas profesionais e o acceso ó mundo laboral.
- Explicación das ABAU.

Terceiro Trimestre:

- Revisión da 2ª avaliación.
- Uso das tecnoloxías da información e comunicación no campo da orientación e asesoramento para a busca de información polo propio alumnado co obxecto de que tome decisións autónomas e responsables sobre o seu futuro de formación e emprego.
- Recomendacións e información ABAU
- Situacións individuais.
- Información país/nais.



FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (Anexo IX)

- ACTIVIDADES:

Primeiro trimestre:


- Coñecemento do grupo-clase.
- Acollida do alumnado.
- Coñecemento do centro.
- Coñecemento das normas de convivencia do centro.
- Elección de delegado.
- Técnicas de estudo e organización do traballo.
- Resolución de conflitos.
- Reunións individuais (pais/titor), comunicación previa.
- Autoavaliación do grupo.

Segundo Trimestre:

- Revisión dos resultados da 1ª avaliación.
- Fomento da responsabilidade individual.
- Traballo en grupo.
- Habilidades comunicativas.
- Autoavaliación do grupo.

Terceiro Trimestre:

- Revisión da 2ª avaliación.
- Información das opcións académicas e profesionais.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación no campo da orientación e asesoramento e para a busca de información polo propio alumno, co obxecto de que adopte decisións autónomas e responsables sobre o seu futuro de formación e emprego. (aula de informática).
- Información individual.
- Información familias.




10. Metodoloxía

A metodoloxía de traballo que se seguirá nas titorías estará baseada nos seguintes recursos:

- Ao inicio de curso, cada titor/a recibirá do centro unha carpeta con todo o material necesario para desenvolver o seu labor.
- Os materiais a empregar serán: cuestionarios, técnicas grupais, obradoiros, charlas, TIC...
- Seguimento de programas de: toma de decisións, orientación académico profesional, orientación vocacional, inserción socio-laboral,...
- Reunións informativas cos pais e alumnos.
- Asesoramento individualizado.

Como nos Ciclos Formativos (excepto no desenvolvemento do módulo de FCT) e Bacharelato non existe a hora específica de titoría cos alumnos e polo tanto as actividades, fundamentalmente de orientación académica e profesional se deberán organizar nas horas dedicadas a optativas (Bacharelato) e nos módulos co consentimento do profesorado, baixo a coordinación da xefatura de estudos e a colaboración e asesoramento do departamento de orientación.

11. Avaliación da titoría



Non debemos caer no erro de avaliar persoas, senón que o que se debe avaliar son os obxectivos previamente programados, a súa adecuación á situación do centro, ó alumnado e ó profesorado, e o grao de cumprimento dos mesmos.

¿Quen debe avaliar?

Os titores/as a través das reunións de coordinación co orientador sobre as actividades propostas e que se levaron a cabo, co alumnado, na hora de tutoría.

Tamén participarán na avaliación os propios alumnos, a través dun cuestionario o rematar o trimestre, valorarán as diferentes actividades realizadas. Os resultados máis significativos reflectiránse na memoria de fin de curso do departamento de orientación.

12. Modificacións

As modificacións do presente documento que sexan necesarias faranse, con carácter xeral, ao remate de cada curso académico, para incorporar ao mesmo as modificacións, aclaracións, etc. que se consideren oportunas logo da avaliación prevista no apartado anterior. Deberán ser autorizadas polo Claustro e Consello Escolar. As proposta de modificación poderán ser feitas por calquera das partes implicadas no proceso de ensino-aprendizaxe.

Cando a situación aconselle modificacións urxentes para o correcto exercicio da función titorial, poderán facerse as mesmas excepcionalmente ó longo do curso, sempre seguindo as canles dispostas anteriormente.

Tamén se procederá a facer revisións extraordinarias do P.A.T. no momento en que haxa cambios na lexislación que modifiquen substancialmente a normativa referentes ás titorías.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"O FSE inviste no teu futuro"



IES de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

13. Materiais de apoio para o titor/a

A principios de curso titores e titoras recibirán por parte da Xefatura de Estudos unha carpeta cos documentos básicos de planificación da tutoría (Ver Anexos) . Durante os cursos seguintes, a dirección do centro facilitará que titores e titoras dispoñan a maiores dunha carpeta drive onde poderán subir e compartir recursos para que co tempo o centro dispoña de banco de recursos.

A carpeta de titores e titoras contará cos seguintes documentos dispoñibles en Anexos.

CARPETA DOCUMENTACIÓN XERAL

- ☐ Carta de benvida ao titor/a
- ☐ Guía do centro.
- ☐ Relación de lexislación básica actualizada.
- ☐ Datos básicos do XADE por alumno así coma as materias pendentes e as que van cursar.
- ☐ Listado co enderezo electrónico do profesorado que imparte clase no grupo.
- ☐ Enquisa inicial do alumnado
- ☐ Resumo de normas para traballar en aula co alumnado
- ☐ Criterios de promoción e titulación de curso e etapa.
- ☐ Planificación das sesións grupais cos alumnos por trimestre.
- ☐ Modelo de acta de elección de delegado/a de aula
- ☐ Guión da reunión coas familias




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA

"O FSE inviste no teu futuro"



Ies de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047 Fax: 881 866 055
e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

- Modelo de recollida de información entrevista individual coas familias.

Aprobado polo claustro 28/06/2018